



COMUNICADO AOS MEDIOS CO ROGO DA SÚA DIFUSIÓN

## O BNG denuncia que o grupo de goberno asígnase un “soldo fixo camuflado” nos orzamentos do 2008

No Pleno de mañá xoves o Alcalde, Isaac Vila, e o grupo de goberno do PP pretenden aprobar un incremento nas retribucións para altos cargos que pasarían de 90€ a 150€ (300€ no caso do Tenente de Alcalde) por asistencia a órgano colexiado (xuntas, comisións e plenos). Isto, na práctica, supón a asignación dun “soldo mensual encuberto” para os concelleiros que integran a Xunta de Goberno Local. Segundo os cálculos do BNG, baseados no número de reunións que se celebran mensualmente, suporá para os veciños e veciñas de Xinzo un desembolso mensual de 3.750€, dos cales 1.500€ corresponderán ao Tenente de Alcalde e 750€ a cada un do resto de concelleiros integrantes da Xunta de Goberno. A estas cuantías hai que sumar as asistencias a Comisións Informativas, Plenos e Xuntas de Portavoces que poden supoñer uns 200€ mensuais adicionais de media.

O grupo de goberno pretende consumir este feito mediante un capítulo incluído nas Bases de Execución do Orzamento do 2008 e, como ven sendo práctica habitual, sen transparencia e sen dar lugar a ningún tipo de debate. No BNG non estamos en contra das adicacións exclusivas plantexadas como tales, pola contra, defendemos a idea de que un concello das dimensións do noso precisa dunha dirección política permanente na figura do seu alcalde ou incluso dalgún outro concelleiro do grupo de goberno e apostamos pola profesionalización da vida política e a transparencia nas retribucións dos cargos públicos.

Como xa denunciou o BNG no mes de outubro a suba de impostos e taxas non ía repercutir na mellora dos servizos prestados polo Concello e os feitos avalan as nosas preocupacións. Resulta paradoxal e de difícil explicación aos veciños que un concello endebedado coma o noso, no que a partida para inversións neste ano é do 15% e depende en exclusiva da venda de patrimonio de todos, o Sr. Alcalde incremente os gastos de asistencia a órganos corporativos nun 67%. Por isto, solicitaremos no Pleno que non se leve adiante esta modificación, se deixe sen efecto a correspondente Base do orzamento e se continúen a percibir as retribucións dos exercicios anteriores.

Amador Díaz Penín  
Portavoz do Grupo Municipal do BNG no Concello de Xinzo da Limia

Xinzo da Limia | 23-04-2008

Máis información en: [www.bng-xinzo.org](http://www.bng-xinzo.org)

Grupo Local do Bloque Nacionalista Galego de Xinzo da Limia  
Multicentro, 1ª Planta – 32630 Xinzo da Limia, Ourense (Galiza, UE) \* Tlf/Fax: 988 461 360

[info@bng-xinzo.org](mailto:info@bng-xinzo.org) | [www.bng-xinzo.org](http://www.bng-xinzo.org)